

CONCELLO	NOME
PALAS DE REI	O MATO (SAN XOAN)
PALAS DE REI	SAN XIAO DO CAMIÑO (SAN XIAO)
PALAS DE REI	O CARBALLAL (SAN SEBASTIAN)
PALAS DE REI	CURBIAN (SAN MARTIÑO)
PALAS DE REI	FONTECUBERTA (SANTA MARIÑA)
PALAS DE REI	LESTEDO (SANTIAGO)
PALAS DE REI	MARZA (SANTA MARIA)
CONCELLO	NOME
PALAS DE REI	MEIXIDE (SAN PEDRO)
PALAS DE REI	OROSA (SANTO ANDRE)
PALAS DE REI	PALAS DE REI (SAN TIRSO)
PALAS DE REI	PAMBRE (SAN PEDRO)
PALAS DE REI	REMONDE (SAN MIGUEL)
PALAS DE REI	SAN CIBRAO DA REPOSTERIA (SAN CIBRAO)
PALAS DE REI	SAN BREIXO (SANTA MARIA)
PALAS DE REI	VILAR DE DONAS (SAN SALVADOR)
MELIDE	O BARREIRO (SAN MAMEDE)
MELIDE	CAMPOS (SANTA MARIA)
MELIDE	FURELOS (SAN XOAN)
MELIDE	O LEBOREIRO (SANTA MARIA)
MELIDE	O MEIRE (SAN PEDRO)
MELIDE	MELIDE (SAN PEDRO)
MELIDE	SANTA MARIA DE MELIDE (SANTA MARIA)
MELIDE	AS VARELAS (SAN MARTIÑO)
MELIDE	VITIRIZ (SAN VICENTE)
ARZUA	SANTA MARIA DE ARZUA (SANTA MARIA)
ARZUA	ARZUA (SANTIAGO)
ARZUA	BOENTE (SANTIAGO)
ARZUA	BURRES (SAN VICENZO)
ARZUA	A CASTAÑEDA (SANTA MARIA)
ARZUA	FIGUEIROA (SAN PAIO)
ARZUA	LEMA (SAN PEDRO)
ARZUA	RENDAL (SANTA MARIA)
PINO, O	ARCA (SANTAIA)
PINO, O	CASTROFEITO (SANTA MARIA)
PINO, O	CERCEDA (SAN MIGUEL)
PINO, O	SAN MAMEDE DE FERREIROS (SAN MAMEDE)
PINO, O	FERREIROS (SAN BREIXO)
PINO, O	PEREIRA (SAN MIGUEL)
PINO, O	O PINO (SAN VICENZO)

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Resolución do 28 de agosto de 2007, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se ordena o rexistro e a publicación no Diario Oficial de Galicia, do acordo adoptado o 20 de agosto de 2007 pola comisión negociadora do IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

En cumprimento do disposto na normativa legal sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, Real decreto 1040/1981, artigo 2 e), e para os efectos previstos nel, faise público que no correspondente servizo desta dirección xeral se presentou o 27 de agosto de 2007 o acordo acadado o 20 de agosto de 2007 pola comisión negociadora do IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, consistente na modificación no convenio colectivo nas partes referentes á excedencia forzosa, aos permisos e á licenza por asuntos propios.

Esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición do referido acordo no rexistro correspondente desta dirección xeral.

Segundo.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2007.

Pilar Cancela Rodríguez
Directora xeral de Relacións Laborais

ANEXO

Reunida, o día dez de agosto de 2007, a comisión negociadora de modificación do IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, integrada polo comité intercentros do persoal laboral da Xunta de Galicia e os representantes da Administración, con data do 14 de agosto, acordan modificar o vixente convenio colectivo do xeito seguinte:

Primeiro.-Darlle unha nova redacción ao artigo 24.4 do devandito convenio, que queda do seguinte xeito:

«24.4. Forzosa.

A excedencia forzosa ao persoal laboral, que dará dereito a conservar o posto de traballo, quenda e centro, e na que se compute a antigüidade durante a súa vixencia, concederáse pola designación ou elección para un cargo público que imposibilite a asistencia ao traballo. Os supostos de servizos especiais previstos na normativa da función pública galega tamén se terán en conta como criterio para a concesión da excedencia forzosa para o persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.

O reingreso deberá efectuarse no prazo máximo de trinta días naturais a partir do cesamento no cargo. Se non solicitan o reingreso no prazo citado serán declaradas de oficio en excedencia voluntaria por interese particular.

A reincorporación producirase na mesma categoría profesional, posto de traballo e quenda que tiña o/a traballador/a ao se iniciar a devandita excedencia, computándose o tempo transcorrido para efectos de antigüidade. Este reingreso terá carácter inmediato desde o momento en que se solicite e, en todo caso, un mes despois do cesamento no cargo».

Segundo.-Acórdase (coa finalidade de establecer un único réxime nesta materia para o persoal laboral e funcionario) estender ao persoal laboral o réxime de permisos e licenzas vixente para o persoal funcionario derivado da regulación establecida polo Estatuto básico do empregado público (Lei 7/2007, do 12 de abril, BOE do día 13) segundo a interpretación confeccionada pola Dirección Xeral da Función Pública adicionada coas seguintes matizacións para o persoal laboral:

-Permiso por asuntos persoais: o persoal laboral poderá gozalos ata o 15 de xaneiro do seguinte ano natural.

-Permiso por traslado de domicilio con cambio de localidade: O persoal laboral disporá de dous días.

-Licenza por asuntos propios sen retribuír: o persoal laboral poderá solicitar ata 6 meses cada 2 anos.

Terceiro.-Estas disposicións entrarán en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2007.

Pola Administración: Víctor Gallego Víncent, subdirector xeral de Réxime Xurídico e Relacións Laborais. María Luisa Cardesín Díaz, xefa do Servizo de Relacións Laborais.

Polo comité intercentros: Xosé L. Veloso Abellás, presidente do comité. Manuel Pena Santar, secretario do comité.

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 5 de setembro de 2007 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola Orde do 14 de maio de 2007 (DOG nº 95, do 18 de maio, corrección de erros, DOG nº 98, do 23 de maio), en uso das facultades e atribucións conferidas no artigo 15.4º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e de conformidade co disposto no artigo 27.2º da referida lei, esta consellería dispón resolver a citada convocatoria de acordo cos seguintes puntos:

Primeiro.-Adxudicarlle destino no posto de traballo que se indica ao funcionario que se relaciona no anexo desta orde.

Segundo.-O cesamento no destino actual do funcionario que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para a toma de posesión do novo destino será de tres días a partir do seguinte ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade onde actualmente o funcionario preste servizos, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e co disposto na base sétima da convocatoria.

Terceiro.-A xefatura do centro no que cause baixa o funcionario, así como daquel no que obteña praza, consignará no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión das que se lle dará traslado, mediante copia, á Dirección Xeral da Función Pública e á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas.

Cuarto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2007.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO

NRP: 76.747.439.20 A2294.

Grupo: D.

Apelidos e nome: Álvarez Feijoo, Rosa.

Posto de traballo: secretaria director/a xeral.

Nivel: 18.

Código posto: PR.C10.00.000.15770.001.

Centro directivo: Dirección Xeral de Protección Civil.

Localidade: Santiago de Compostela.

Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Secretaría Xeral de Política Lingüística, anunciada pola Orde do 17 de xullo de 2007.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Secretaría